



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

BORRADOR ACTA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 15/01/2009

ASISTENTES:

D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez, Alcalde-Presidente, grupo PSOE
D. Ildefonso José Piñeiro Díaz, Tenente de Alcalde, grupo BNG
D^a Araceli Río Bimbiela, grupo PSOE
D. Roberto Iglesias Delgado, grupo PSOE
D^a M^a Amadora Gómez Álvarez, grupo PSOE
D. Xesús Mazaira Varela, grupo BNG
D^a. Olga Otero Gómez, grupo BNG
D. Manuel Lorenzo Varela Rodríguez, grupo PP
D^a M^a Susana López Abella, grupo PP
D. Manuel Diéguez Carballo, grupo PP.
D. José Castor Novoa Fernández, grupo PP
D^a. M^a Cándida Carneiro Blanco, grupo PP
D. José Luís Janeiro Rodríguez, grupo PP

SECRETARIO:

D. Rafael del Barrio Berbel.

No salón de sesións da casa da Cultura do Concello de Chantada, sendo as vinte horas do día quince de xaneiro de dous mil oito, reuníronse logo de convocatoria en legal forma practicada os señores concelleiros e concelleiras que se relacionan arriba e que constitúen a maioría absoluta dos que compoñen o Pleno da Corporación, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez, e asistidos por min, o secretario, co obxecto de celebrar a sesión extraordinaria urgente en primeira convocatoria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse a

ORDE DO DÍA:

1º.- APROBACIÓN PROXECTO DE OBRA “EDIFICIO MUNICIPAL DE USO MÚLTIPLE: ESCOLA DE MÚSICA E DANZA E OFICINAS SINDICAIS”.

Visto o proxecto técnico da Obra “Edificio Municipal de Uso Múltiple: Escola de Música e Danza e Oficinas Sindicais”, redactado pola empresa “Raizdedous Arquitectura, S.L.” cun orzamento de licitación de 1.618. 894.11 euros, IVE incluído.

Tendo en conta que esta obra non está prevista no Orzamento deste Concello para o ano 2009.

Solicitado ós servizos técnicos da Deputación Provincial de Lugo, ao amparo do artigo 109 da Lei de Contratos do Sector Público, o preceptivo informe de supervisión do proxecto.

Visto o informe xurídico do día 3/01/2009.

Considerando o disposto na Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

Considerando o disposto no Real Decreto Lei 9/2008, de 28 de novembro de 2008, polo que se crea un Fondo Estatal de Investimento Local para dinamizar a economía incidindo directamente na creación de emprego.

Considerando a atribución do Pleno establecida no artigo 22.2 ñ) da LBRL: *A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos orzamentos.*

Dictaminado favorablemente pola Comisión informativa extraordinaria de urbanismo de data 13/01/2009.

Aberto o debate pola Presidencia intervéñen o Sr. Varela Rodríguez, portavoz do grupo PP, que sinala que como se dixo na comisión informativa, están de acordo coa aprobación deste proxecto no que estaban traballando desde fai anos. Aínda que matiza que no fondo discrepa porque se podería investir o diñeiro do fondo estatal noutras cousas e facerse cargo a Xunta de Galicia do complexo da casa consistorial. Tamén sinala que a rampa prevista onde está agora a escola de música é unha zona sombría na que poden producirse problemas coas xeadas, e apunta a posibilidade de estudar algunha modificación no proxecto básico, xa que no proxecto anterior a orientación do edificio administrativo era distinta, e figuraba como edificio principal coa fachada mirando á praza e aos xulgados.

O Sr. Iglesias Delgado, portavoz do grupo PSOE, apunta a dificultade deses cambios de tal envergadura xa que o proxecto básico esta feito ao cento por cento e contempla unhas medicións e custos bastantes exactos, sinalando as vantaxes da nova localización do edificio administrativo como a orientación cara ao percorrido do sol, a superficie útil moito maior, e a creación dun mesmo espazo público na praza de Galicia á que se engade a praza de Lugo con máis zona pública. Sinala tamén que si se poderían estudar propostas de cambios nas distribucións interiores pero non na estrutura.

O Sr. Alcalde explica que o Concello de Chantada non se gastou nada nesta obra, xa que o proxecto básico foi financiado pola Consellería de Presidencia e o resto polo Ministerio de Administracións Públicas con cargo ao fondo estatal.

O Sr. Varela sinala que se están utilizando as 5 anualidades xa comprometidas pola Consellería de Presidencia, dado que o financiamento do proxecto vai a cargo diso.

O Sr. Alcalde di que nas anualidades non había partida para a redacción do proxecto e poder empezar a obras, e que queda bastante obra para que se poida continuar e terminar con cargo á subvención da Consellería de Presidencia. Tamén sinala a posibilidade apuntada pola FEGAMP de que se repita este fondo de investimento en anos posteriores.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto técnico da Obra "Edificio Municipal de Uso Múltiple: Escola de Música e Danza e Oficinas Sindicais", redactado pola empresa "Raizdedous Arquitectura, S.L.", cun orzamento de licitación de 1.618. 894.11 euros, IVE incluído.

SEGUNDO.- Solicitar o financiamento de devandita obra con cargo ao Fondo Estatal de Investimento Local, de acordo coa tramitación telemática establecida no Real Decreto Lei 9/2008, de 28 de novembro de 2008.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

2º.- APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN DE SECTORIZACIÓN S.U.N.P. 1/A "OS ACIVROS". EXPTE: 315/01/2007.

Resultando que por acordo da Xunta de Goberno Local de data 10/05/2007 se iniciou o expediente para a aprobación do "Plan de Sectorización do Sector Industrial para a ampliación da Area Industrial Os Acivros", de acordo cos procedementos previstos na Lei da Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre a avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente, e na Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Resultando que por acordo da Xunta de Goberno Local de data 2/08/2007, se acordou someter a información pública a proposta de Plan de Sectorización S.U.N.P. 1/a "Os Acivros e o informe de Sostibilidade Ambiental (ISA), mediante a publicación dun anuncio no D.O.G.A., para que durante o prazo de 60 días poidan examinarse os devanditos documentos nas dependencias municipais e formularse ás alegacións e observacións pertinentes.

Resultando que por acordo da Xunta de Goberno Local de data 26/09/2008 se aprobou provisionalmente o "Plan de Sectorización Industrial para a ampliación da Area Industrial Os Acivros de Chantada", sometendo o expediente completo a informe preceptivo da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, en cumprimento do disposto no artigo 86.1 d) da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Visto o informe preceptivo do Director Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo do día 18/11/2008 e as modificacións realizadas no Plan de Sectorización.

Visto o informe xurídico do Secretario Municipal do día 13/01/2009.

Considerando o disposto no RDL 2/2208, Texto Refundido da Lei do Solo; na Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA); na Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre a avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente; e na Lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia; e no Plan Xeral de Ordenación Urbana de Chantada.

Considerando a atribución concedida o Pleno no artigo 22.2 c) da Lei 7/85, do 2 de abril (LBRL).

Dictaminado favorablemente pola Comisión informativa extraordinaria de urbanismo de data 13/01/2009.

Aberto o debate pola Presidencia intervén o Sr. Varela para sinalar que como se dixo na comisión informativa do día 13/01/2009 sería importante empezar a tramitar a terceira fase do polígono industrial de Chantada, xa que nun ano ou un ano e medio poden estar vendidos todos os terreos.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobado definitivamente o Plan de Sectorización Industrial para a ampliación da Area Industrial Os Acivros de Chantada (SUNP 1/A) xunto co procedemento de avaliación ambiental.

SEGUNDO.- Publicar, en cumprimento dos artigos 92 da LOUGA, 12 do Texto Refundido da Ley do Solo, e 70.2 da LBRL, o acordo de aprobación definitiva do plan no Diario Oficial de Galicia, e os documentos que conteñan a normativa e ordenanzas do Plan no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. O plan definitivamente aprobado non entrará en vigor ata que se publique e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da LBRL.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ós interesados no mesmo que presentaron alegacións, e á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, xunto con dúas copias autenticadas do plan con todos os planos e documentos que o integran debidamente diligenciados.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

CUARTO.- Remitir ó órgano ambiental o plan definitivamente aprobado xunto coa documentación prevista no artigo 14 da Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre a avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.

E sendo as vinte horas e trinta minutos, e tendo cumprido ou obxecto da convocatoria, levantouse a sesión, de todo o cal, como secretario, dou fé e certifico.

Chantada, 15 de xaneiro de 2009

O ALCALDE

O SECRETARIO

Manuel Anxo Taboada Rodríguez

Rafael del Barrio Berbel